

ENTREVISTA

Ramón Nicolás

“Lugrís Freire enmarca unha parte esencial na historia do noso país”

Ramón Nicolás vén de publicar Manuel Lugrís Freire. Vida e Obra (Ed. Xerais), traballo de carácter divulgativo no que leva adiante unha ampla achega á figura do homenaxeado na presente edición do Día das Letras Galegas

 NATALIA ÁLVAREZ

Quais foron os aspectos máis interesantes que descubriu neste acercamento á figura de Manuel Lugrís Freire?

-Sobre todo, a cuestión relativa á súa faceta como verdadeiro pioneiro. Lugrís estivo á fronte de moitísimos fitos de carácter histórico e cultural, dende o primeiro xornal en lingua galega na emigración, *A Gaita Gallega*, ata o primeiro drama en prosa no noso idioma. Tamén cofundou moitas das institucións e asociacións políticas e culturais da Galicia de finais do século XIX e de comezos do XX, como a Real Academia Galega, as Irmandades da Fala, a Escola Rexional de Declamación ou o Partido Galeguista. Todo iso chamoume a atención. Non sospeitaba que puidese ser un autor que exemplificara, coa súa actividade e percorrido, tantos aspectos do noso devir, porque é unha figura realmente moi desdubuxada, que viñera caer nese limbo dos esquecidos e que, grazas, dende logo, ao feito de protagonizar o Día das Letras Galegas, é alguén no que se volve reparar.

- A que cre Vde. que se debeu ese esquecemento?

-É algo moi semellante ao que ocorre con outros autores do sistema literario galego. Está ben claro que o franquismo botou unha lousa de silencio sobre todo o noso pasado e, dalgunha maneira, Lugrís estaba dentro dese grupo de autores esquecidos pola desmemoria histórica.

- Hai algún momento na súa biografía que explique esa teima na recuperación dos sinais de identidade e na defensa de Galicia?

-Dende o punto de vista da ideoloxía, en Lugrís hai un certo liberalismo, certo esquadismo e un claro republicanismo. El está tamén en primeiro plano na fundación do sindicato agrarista Solidaridad Gallega, e incluso na Liga Gallega d'A Coruña, unha institución política proautonomista e de certo liberalismo. Entón, eu creo que esta deriva de Lugrís cara ao progresismo, esa postura súa de estar sempre a favor dos máis desfavorecidos, probablemente se deba a un suceso familiar que marcou a súa infancia, que foi a perda, por parte do seu pai, dunha industria de extracción de sal no peirao de Sada por mor de problemas de carácter administrativo co goberno. Isto desequilibra a economía familiar e vai determinar, incluso, que o propio Lugrís sexa case un autor autodidacta, algo que hai que valorar moito, sobre todo por todo o percorrido de activista cultural que ten. E, por outro lado, coido que determinou o carácter de Lugrís, dese sentimento de reivindicación e de rexeneración de Galicia. Neste sentido, no libro hai uns capítulos nos que falo do seu pensamento político, de como vai evoluíndo dende o rexionalismo do século XIX ata abrazar a fe nacionalista. Por que outro feito moi importante foi a súa participación, no ano 1932, na redacción do Estatuto de Autonomía. De feito, a chegada da II República supón para el unha ledicia enorme, xa que é o sistema de organización política no que acreditaba.

- No libro estuda a relación que mantivo con xente como Curros, Pondal ou a mesma Rosalía. Que pegada tiveron en Lugrís Freire?

-Foi fundamental, sobre todo como literato, como poeta e narrador. Lugrís mantivo unha relación de devoción e de vinculación case afectiva con Rosalía -a quen probablemente non chegou a coñecer personalmente- e iso respírase na súa obra. E, no caso de Pondal e de Curros, aínda moito máis, porque si os chegou a tratar en persoa. A Curros coñeceu en Cuba; e, de feito, foi o propio Curros quen lle fixo o prólogo ao seu primeiro libro de poemas. Logo, Lugrís foi un dos promotores da homenaxe que se lle fixo ao autor de *Aires da*

miña terra na Coruña, a principios do século XX. Tamén estivo moi próximo a Pondal. De feito, o primeiro manuscrito mecanografiado d'*Os Eoas* débese ao traballo de Lugrís, o que creo que determina que había unha relación moi intensa. E, dende o punto de vista literario, de Pondal chegalle todo o mun-

do céltico; de Curros, ese afán reivindicativo; e de Rosalía, certo paisaxismo. Tamén creo que moita da reivindicación que hai nos seus poemas procede de aí.

- Lugrís escribiu poesía, teatro, relato breve,... Houbo un estilo no que destacara por riba dos outros?

-Se me teño que quedar con algo no que realmente aporta unha cuestión novidosa á literatura galega do seu tempo, iso é o teatro, o ámbito da dramaturxia. A poesía está moi marcada pola

presenza dos mestres do Rexurdimento e, aínda que é necesaria, porque vén ser unha ponte entre o século XIX e o XX, eu moitas veces comento que, neste sentido, non foi capaz de “matar o pai”. Canto á narrativa, os *Contos de Asieumedre* e outros relatos como “O penedo do crime”, son textos de carácter didáctico e propagandísticos do agrarismo, incluso do nacionalismo. Polo tanto, o seu interese é certamente reducido. Lugrís utiliza a creación literaria como unha ferramenta ao servizo da ideoloxía, cousa que tamén fai co teatro, pero neste caso si que dá un paso cara adiante. É o autor do primeiro drama en prosa da literatura galega, e os seus cinco libros de teatro, ollados globalmente, son textos que quedan na historia da dramaturxia galega como referentes para o que vai vir despois. Ademais, foi un autor de moito éxito popular.

- E no caso do xornalismo?

-Tivo unha longuíssima traxectoria como xornalista. Antes xa do do feito fundacional de *A Gaita Gallega*, colaborara, na época cubana, con *El Eco de Galicia* e con *Galicia Moderna*. Ao retornar, é un autor moi recorrente nas páxinas da *Revista Gallega*, un xornal vinculado coa Liga Gallega. Logo participa na maior parte das cabeceiras e das revistas galegas de aquí e de alén mar ata practicamente a súa morte. A súa presenza nos medios de comunicación galegos é case monumental. Porén, hai moitos textos de carácter xornalístico que non se deron a coñecer e coido que se desaproveitou unha magnífica oportunidade coma esta para facelo.

- Que novidades fundamentais achega Vde. no seu libro a toda esta traxectoria?

-Quizais as máis salientables poidan ser, en primeiro lugar, a confirmación da pertenza a unha loxia masónica da Coruña na década dos 20. Era algo, supostamente, oculto e eu creo que é importante, xa que unha definición fundamental de Lugrís sería o feito de que era republicano, era galeguista e era tamén masón. Por outra banda, desvelo certas relacións epistolares con Otero Pedrayo. Aínda que Lugrís tiña moita máis idade, sempre tiveron unha relación moi cordial e, incluso, no *Libro dos amigos* de Otero hai un capituliño adicado a Lugrís. Logo, tamén fago un achegamento á prensa cubana da época na que estivo en Cuba, sobre todo de *Galicia Moderna* e máis de *El Eco de Galicia*.

- Como influíu nesa xeración, posterior á súa, da que formaba parte Otero Pedrayo?

- É unha xeración coa que conecta vivencialmente. Hai un capítulo no meu libro, “Lugrís no espello dos amigos”, no que recollo aqueles documentos escritos que se conservan e que botan luz sobre o aspecto máis humano. Falan del Otero, Suárez Picallo, Mariñas del Valle... Todos coinciden na imaxe que tiñan de Lugrís como un ancián... Loxicamente, por unha cuestión de tipo cronolóxico, foi así, pero, por outro lado, coido que tiveron unha relación moi cordial, de moito respecto. Incluso estou practicamente certo de que a escolla de Lugrís como presidente da Academia durante o período de 1934-35, foi unha especie de homenaxe a toda a súa traxectoria, na que se puxo sempre ao servizo de Galicia. Nese sentido, Lugrís mantivo unha relación inmemorable, sobre todo, cos autores da Xeración Nós. Non tanto así cos máis novos, cos autores da vangarda. No epistolario publicado de Manuel Antonio, a figura de Lugrís é atacada, como as de todos os vellos rexionalistas do século XIX, pero en fin, é case lóxico: Manuel Antonio procuraba a ruptura do pasado, puía con moita forza, e, como digo, tiña a Lugrís, como a outros coetáneos seus, como obxectivo das invectivas da xente da vangarda.



FOTO: JOSE LORES